

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62617>EDICIONES
COMPLUTENSE

A proxección da cultura galega desde o Centro de Estudos Galegos da UCM (2017-2018)

Paula Cousillas Pena¹


Así como se levou a cabo en anos anteriores, a proxección da lingua e da cultura galegas continuou desde o Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid a súa andaina neste curso 2017-2018.

Cabe destacarmos en primeiro lugar a celebración do Día das Letras Galegas o 21 de maio na Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla, coa participación da profesora e investigadora Montse Pena, como biógrafa da homenaxeada María Victoria Moreno, e David Castro, como director do centro IES Torrente Ballester de Pontevedra, no que se levou a cabo unha enorme difusión desta figura e, precisamente, onde María Victoria exerceu como profesora nos seus últimos anos de vida. Ademais, nese mesmo día tivo lugar a presentación do volume 20 regular da revista *Madrygal*, na que participaron a directora Carmen Mejía, o co-secretario Ricardo Pichel e o profesor Juan M. Ribera Llopis.



Conferencia de David Castro.
Á dereita, Paula Cousillas e Monte Pena Presas

Como novidade, neste mesmo ano 2017, o equipo de *Madrygal* preparou un número especial (núm. 20), titulado *Os estudos galegos en tempos de cambio e transformación: de Bos Aires a Galicia*, no que se recolle unha escolma de colaboracións, que formaron parte do XI Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), celebrado en abril de 2015 en Bos Aires. Nese encontro, a directora da revista *Madrygal*, Carmen Mejía, foi elixida presidenta da AIEG para o trienio 2015-2018 e comprometeuse a elaborar o antedito número especial que agora saíu a luz, e que foi presentado no marco do XII Congreso da AIEG celebrado en Madrid.



Madrygal. Revista de Estudios Gallegos
Núm. 20 Especial (2017)

¹ Universidad Complutense de Madrid, Departamento de Estudios Románicos, Franceses, Italianos y Traducción.
Correo-e: paulacou@ucm.es

Así mesmo, desde o Centro de Estudos Galegos de Madrid proxectamos a importancia do mundo medieval para a cultura e a literatura galegas coa participación do investigador e antigo lector Ricardo Pichel, quen asistiu as aulas de Galego I o 24 de xaneiro para falar da importancia do mecenado cortesán e señorial do noso patrimonio textual antigo. Así mesmo, tamén aproveitamos para incidir na relevancia do Pergamiño Vindel na configuración da nosa historia lingüística e literaria, participando co noso alumnado e varios representantes dos CEG de fóra de España nunha visita guiada, organizada pola Secretaria Xeral de Política Lingüística, á exposición “Pegamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas” do Museo do Mar en Vigo, na que puidemos admirar, entre outros, o manuscrito coas cantigas de Martín Codax, custodiado na Morgan Library de Nova York. Cabe destacarmos desta visita a presentación do propio pergamiño a cargo de Ricardo Pichel e a visita á Illa de San Simón.



Conferencia de Ricardo Pichel no Museo do Mar de Vigo sobre o Pergamiño Vindel

A importancia da poesía na realidade cultural galega e a súa explotación como potencial didáctico foi outro dos temas que intentamos trasladar ao alumnado de galego. Desta maneira, en marzo de 2018 asistiu ás aulas de galego a anterior lectora Lidia López Teixeira, para presentar o libro colectivo *Poliedro da soidade*, como proxecto didáctico xestado co seu alumnado nas aulas.


O maior contributo que realizou o alumnado desde as aulas de galego, por exerceren como axentes activos na visibilización da lingua galega en Madrid, en concreto dentro da Facultade de filoloxía da Complutense, foi a actividade *Un ollar por Madrid*, a que lle dedicamos unha explicación máis demorada noutro dos capítulos da sección Crónica deste número de *Madrygal*.

Ademais do anterior, e como vén sendo costume, participamos no roteiro rosaliano que cada ano ten lugar en Madrid no mes de febreiro, para homenaxear o nacemento dunha das autoras máis relevantes da nosa cultura. O director e secretario de *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, Vicente Araguas e Manuel Pereira Valcárcel, promoven e organizan este acto, no que este ano participou tamén unha banda de gaita, que amenizou o acostumbrado roteiro desde a Praza de San Ildefonso ata a casa de Rosalía (Rúa da Ballesta, 13), onde se recitaron diferentes poemas da autora.




O escritor Vicente Araguas co grupo de gaitas no roteiro rosaliano

En relación coa mencionada revista *Olga*, o CEG tamén participou na presentación do núm. 4 (decembro 2017), dedicado a Portugal, na Biblioteca Marqués de Valdecilla. O director da revista, Vicente Araguas, fixo especial fincapé na importancia da relación histórico-cultural entre Galicia e Portugal, mentres que eu mesma, a profesora de portugués Maria Colom e algúns alumnos seus recitamos algúns versos en lingua portuguesa para completar este acto. Meses máis tarde, asistimos tamén á presentación do núm. 5 de *Olga* (maio 2018), dedicado á figura de Ricardo Carvalho Calero.



Núms. 4 e 5 da revista poética *Olga*

Destacamos tamén a celebración da diversidade lingüística que a Facultade de filoloxía da UCM levou a cabo como motivo principal de “La fiesta de las lenguas y de las letras” na semana do 15 de maio. Un evento no que o galego e, por tanto, o CEG, puido participar dentro dunha das súas actividades. En concreto, podemos deixar a nosa impronta na alfombra de papel xigante que foi colocada no exterior das inmediacións, escribindo algúns versos emblemáticos en galego da nosa literatura, tales como a longa noite de pedra de Celso Emilio, o afogado berro de vida dos versos de Lois Pereiro ou a reivindicación feminista de Ana Román.



Unha mostra da alfombra das linguas, onde está o espazo do galego

Por outro lado, o compromiso do CEG coa docencia e a difusión da lingua galega en Madrid reflectímonos na difusión do acto “Contra vento e maré”, no que se presentaron as antoloxías literarias creadas nas aulas de galego e de portugués polas profesoras Lidia Teixeira, co volume en papel *O poliedro da soidade*, e Maria Colom, co volume en versión dixital *Somos a resistencia: contra a tempestade*. Nesta presentación, celebrada o 23 de abril na librería *Meta Librería*, as ditas profesoras e o alumnado asistente explicaron de maneira moi emotiva como xurdiu a idea, como levaron a cabo o proxecto e que supuxo para eles na súa aprendizaxe.

No Día da Poesía, o 20 de marzo, as profesoras de portugués e de galego quixemos difundir a nosa lingua celebrando este día na Facultade de filoloxía cun recital que denominamos



Cartel do acto "Contra vento e maré"

Poetas da liberdade. Os poemas foron lidos polo alumnado no Salón de Actos do Edificio A desta facultade, creándose un ambiente de recoñecemento mutuo entre ambas as dúas linguas irmás.

Finalmente, e para dar cabo a esta breve crónica, non podemos esquecer a suma relevancia que tivo o CEG de Madrid na proxección internacional da lingua galega, xa que a súa directora, Carmen Mejía, en calidade de presidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos, organizou xunto co seu equipo o XII Congreso Internacional da AIEG, titulado *Novos horizontes para unha Galicia Global: redes, territorio e memoria*, e baixo o lema “Madrid, cidade de encontros”, e que se celebrou do 10 ao 15 de setembro de 2018 na Facultade de filoloxía da UCM

Neste congreso, caracterizado pola súa interdisciplinabilidade e o intenso intercambio científico, participaron máis de douscentos galicianistas chegados de todas as partes do mundo (<https://www.aieg18.com>). Debemos salientar aquí a nosa enorme satisfacción para co labor desenvolto e para coa boa disposición de todos os congresistas e todos os organismos madrileños, que facilitaron a celebración de diferentes actos do congreso, tales como a súa apertura, na Casa de Galicia, ou a súa clausura, no Ateneo de Madrid, ou incluso a colaboración da Real Biblioteca de San Lorenzo do Escorial e do seu director D. José Luis del Valle Merino, onde fixemos unha visita guiada para



Inauguración do congreso na Casa de Galicia.
Víctor Freixanes, Carmen Mejía, Valentín
García e José Ramón Ónega




Clausura do congreso no Ateneo de Madrid.
Carmen Mejía, María Lourdes Batán Aira,
Kathleen N. March e Harvey L. Sharrer

vermos os códices das *Cantigas de Santa María* (Códice Rico e Códice dos Músicos) e gozarmos dun concerto a cargo de Carlos Núñez e os seus músicos (Pancho Álvarez e Xurxo Núñez), os rapaces da Escolanía do Escorial e o Profesor Harvey L. Sharrer (Universidade de California, Santa Bárbara), quen recitou o prólogo das *Cantigas* do rei Sabio.

Tamén foi importante neste congreso a celebración da asamblea extraordinaria dos membros da asociación, na que se elixiu o novo equipo directivo. Desta maneira, a profesora Maria Boguszewicz, da Universidade de Varsovia, erixiuse como a nova presidenta da AIEG, quen deberá levar a cabo o enorme labor de organizar o próximo congreso internacional en 2021.



Mesa redonda sobre Redes no congreso.
Jorge Mira, Carlos Núñez, Olivia Rodríguez,
Mabel Rivera e Débora Campos



Conferencia plenaria de Carlos Núñez
no XII Congreso da AIEG



Concerto de Carlos Núñez, os seus músicos e a
Escolanía do Escorial



José Luis del Valle, Carmen Mejía, Carlos Núñez,
Ricardo Pichel e Harvey L. Sharrer no Escorial